



ADDENDA PARA PRÓRROGA DO "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO TIC NO CENTRO DE PROCESO DE DATOS INTEGRAL (CPDI)"

Número 18/2024

Dunha parte, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Axencia), con NIF nº Q1500382E e D. Julián Cerviño Iglesia na súa calidade de director actuando en nome e representación de dita Axencia, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo, en calidade de directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia (FCCG), con domicilio social en Gaiás - Cidade da Cultura de Galicia, provisto de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.) G-15721640, cargo para o que foi nomeada polo padroado o día 16 de decembro de 2016, actuando no exercicio do seu cargo en función das atribucións que lle confire o Padroado da dita Fundación, elevado a escritura pública ante o Notario do Colexio de Santiago de Compostela Héctor R. Pardo García núm. 1689 do 19 de decembro de 2016.

E doutra parte, D. José Ramón Rioboo Castro, en representación da Deputación Provincial da Coruña, con domicilio, para estes efectos, en Avenida do Porto nº 2, 15003 A Coruña. Exerce esta representación en virtude do seu cargo de Deputado de Facenda, Recursos Humanos e Avance Dixital, e a delegación para a sinatura de convenios que ostenta por Resolución de Presidencia nº 29343/2023. Intervenien en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

Primeiro. Con data 26 de marzo de 2020, asinouse un Convenio de colaboración entre a a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Deputación da Coruña para a instalación de equipamento TIC no Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI).





Segundo. Segundo o establecido na cláusula TERCEIRA do convenio asinado, o convenio terá unha duración de catro anos, sen perxuízo da súa prórroga por un período de catro anos mediante acordo expreso entre as partes asinantes, manifestando con anterioridade á finalización do correspondente período de vixencia.

Na medida na que persiste o interese da Deputación Provincial da Coruña en manter os seus sistemas informáticos no Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia para a procura da optimización dos recursos públicos e reducir gasto, as partes manifestan a súa vontade de **prorrogar o convenio do 26 de marzo de 2024 ata o 25 de marzo de 2028** segundo o establecido na súa cláusula TERCEIRA "Duración".

Por todo o anteriormente exposto as partes acordan a sinatura da presente addenda coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Prórroga da Vixencia

Esta addenda ten por obxecto a prórroga da vixencia segundo a cláusula TERCEIRA "Duración" do Convenio actual. Así, as partes asinantes acordan prorrogar a vixencia do Convenio por un prazo de 4 anos, dende o 26 de marzo de 2024 ata o 25 de marzo 2028.

Segunda.- En todo o non novado expresamente pola presente addenda, seguirá en vigor o disposto no referido Convenio.

En proba de conformidade, asinan a presente prórroga os interesados en representación das partes implicadas.

Pola Axencia para a
Modernización Tecnolóxica
de Galicia

Pola Fundación Cidade da
Cultura de Galicia

Pola Deputación Provincial
de A Coruña

Julián Cerviño Iglesia

Ana Isabel Vázquez
Reboredo

José Ramón Rioboo Castro

